



CRITERIOS DE CORRECCIÓN, VALORACIÓN E SUPERACIÓN DO PRIMEIRO EXERCICIO DO PROCESO SELECTIVO PARA O INGRESO POLA QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA NO CORPO SUPERIOR DA ADMINISTRACIÓN XERAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA, SUBGRUPO A1

En sesión que tivo lugar o 20 de xaneiro de 2025, o tribunal nomeado para cualificar o proceso selectivo para o ingreso pola quenda de promoción interna no corpo superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, subgrupo A1 (RESOLUCIÓN do 16 de novembro de 2023), acordou establecer os criterios de corrección, valoración e superación do primeiro exercicio do proceso selectivo, de conformidade coa base II.1.1.1 da convocatoria.

1. CUESTIÓNS XERAIS SOBRE A PROBA

O primeiro exercicio consistirá en contestar por escrito un cuestionario de contido teórico practico de cento sesenta (160) preguntas tipo test, relacionado co anexo I do programa, das cales trinta (30) consistirán na realización dun suposto práctico tipo test, sobre un ou varios textos propostos polo tribunal.

As preguntas terán catro (4) respostas alternativas propostas polo tribunal, das cales só unha delas será a correcta.

O exercicio terá seis (6) preguntas de reserva, das cales dúas (2) serán sobre un ou varios supostos prácticos propostos polo tribunal.

As preguntas adicionais de reserva serán valoradas só no caso de que se anule algunha das preguntas do exercicio.

O tribunal procurará que o número de preguntas garde a debida proporción co número e contido dos temas que integran o programa.

Cada resposta incorrecta descontará un cuarto dunha pregunta correcta. As preguntas non contestadas non penalizan nin reciben puntuación.

O tempo máximo de duración deste exercicio será de douscentos vinte (220) minutos.

2. DETERMINACIÓN DA SUPERACIÓN DA PROBA E DO NÚMERO DE APROBADOS

O tribunal acordou que superarán este exercicio as persoas aspirantes que teñan as mellores puntuacións ata completar o número máximo de persoas aspirantes determinado polo resultado de multiplicar por catro (4) o número de prazas convocadas, sempre que acaden o mínimo do 50 % das respostas correctas, unha vez feitos os descontos correspondentes.

Non obstante, de darse o caso de que o número de aspirantes que acaden o mínimo do 50 % das respostas netas sexa inferior ao resultado de multiplicar por catro o número de prazas convocadas, superarán o exercicio as persoas aspirantes que teñan as





mellores puntuacións ata acadar a devandita cifra, sempre que obtivesen o mínimo do 40 % das respostas correctas, unha vez feitos os descontos correspondentes.

Ao remate da proba, cada aspirante poderá obter copia das súas respostas. No prazo das vinte e catro (24) horas seguintes publicarase o contido do exercicio e as respostas correctas no portal web corporativo funcionpublica.xunta.gal

O exercicio cualificarase de 0 a 30 puntos e para superalo será necesario obter un mínimo de quince (15) puntos.

Santiago de Compostela, 20 de xaneiro de 2025

Presidente do tribunal

